



## Concello de Bóveda (Lugo)

**BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL DE DOUS PEÓNS PARA O CONCELLO DE BÓVEDA, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.**

### PRIMEIRO. NORMAS XERAIS

O obxecto das presentes bases é a selección mediante concurso-oposición de dúas prazas peóns de servizos múltiples do concello de Bóveda ao abeiro do programa de Deputación provincial de Lugo "Depuemprego", en réxime de persoal laboral temporal e duración determinada.

As prazas referidas están adscritas ao servizo de mantemento de instalacións municipais, e as funcións que teñen encomendadas son as seguintes: reparacións na rede de abastecemento domiciliario de auga, sumidoiros, alumados públicos, edificios municipais e áreas recreativas, baixo a supervisión do Oficial encargado deses servizos.

### SEGUNDO. DURACIÓN DO CONTRATO

A contratación laboral terá o límite temporal do trinta de outubro de dous mil dezasete (30/10/2017) e en réxime de dedicación a tempo parcial (32 horas semanais).

### TERCEIRO. NORMATIVA APLICABLE

Ao presente concurso-oposición seralle de aplicación o previsto no TRLEBEP. Así mesmo e nos aspectos non derogados expresamente que non se opoñan ao disposto no TRLEBEP, tamén será de aplicación:

- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Decreto 364/1995, de 10 de marzo, que aproba o regulamento xeral de ingreso na Administración.
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego Público de Galicia.


### CUARTO. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Serán requisitos mínimos dos aspirantes ao proceso selectivo, en aplicación do artigo 56 do TRLEBEP:

**Concello De Bóveda ( Lugo )**

Avda. Alfonso XIII, 85. Bóveda. 27340. Lugo. Tfno. 982426006. email: atencionciudadano@concelloboveda.com web: www.boveda.gob.es

JOSE MANUEL ARIAS LOPEZ (1 para 1)  
Alcalde-Presidente  
Data de Sinatura: 11/10/2016  
HASH: 7a47e37883e75ac1dfc340eb7832bed



Cod. Validación: 6HH5Y3SKY5Z3AF6SH999RA024 | Corrección: <http://concelloboveda.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona eSPublico | Páxina 1 de 6



## Concello de Bóveda (Lugo)

1.- Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.

2.- Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea ou de calquera daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais, realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos na normativa vixente.

3.- Estar en posesión, ou en condición de obtelo na data de remate do prazo de presentación de instancias, do título de Graduado Escolar ou equivalente.

4.- Non padecer enfermidade ou defecto psíquico ou físico que impida ou dificulte o desempeño das correspondentes funcións.

5.- Non atoparse separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

6.- Non estar incurso en causas de incompatibilidade ou de incapacidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

7.- Estar en posesión do carnet de conducir B.

### QUINTO. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Para tomar parte na selección as persoas interesadas deberán solicitar a súa participación mediante unha instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello.

Xunto coa solicitude débense achegar copias dos documentos xustificativos de cumprir os requisitos de participación e os que acrediten os méritos alegados para a fase de concurso de méritos. Os méritos alegados que non sexan xustificados documentalmente ou que non cumpran os requisitos establecidos nestas Bases non serán tidos en conta polo Tribunal.

A instancia debe ir acompañada dos seguintes documentos:

1.-Fotocopia do D.N.I ou documento equivalente.

2.-Fotocopia do Título Graduado Escolar ou equivalente; ou documento xustificativo do pagamento das taxas por expedición do Título, cando aínda non se posúa o mesmo.

3.-Fotocopia da documentación acreditativa dos méritos alegados e que se sinalan no baremo.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Bóveda ou nos lugares habilitados aos efecto, acordo co previsto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de

**Concello De Bóveda ( Lugo )**

Avda.Alfonso XIII,85. Bóveda. 27340. Lugo. Tfno. 982426006. email:atencionciudadano@concelloboveda.com web: www.boveda.gob.es



Cod. Validación: 6HHSY3SKY523AF69H959RAQ24 | Corrección: http://concelloboveda.sedelectronica.es/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 de 6



## Concello de Bóveda (Lugo)

novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas ou Procedemento Administrativo Común, no prazo de 10 días naturais contados desde o seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello de Bóveda.

Aos efectos do cumprimento do principio de publicidade, estas bases, tamén serán publicadas na páxina web da Deputación Provincial de Lugo.

### SEXTO. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

1.- Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias publicarase a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web municipal. Contra esta relación os interesados poderán formular reclamacións ou emenda de erros no prazo de tres días naturais desde a súa publicación nos medios establecidos no parágrafo anterior. No caso de que non se presentaran reclamacións contra a lista provisional, ou que non houbera ningún aspirante excluído, entenderase esta coma listaxe definitiva de aspirantes.

2.-No anuncio de aprobación da relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos será sinalado o lugar, data e hora de realización das probas da fase de oposición e a composición do Tribunal Cualificador, debendo transcorrer polo menos 24 horas entre a publicación e a data de realización das probas.

As restantes notificacións que se realicen durante a tramitación deste proceso de selección publicaranse na páxina web do Concello e no Taboleiro de edictos da Corporación.

### SÉTIMO. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal Cualificador do Proceso Selectivo designarase de conformidade co disposto no artigo 60 do TRLEBEP e estará composto polos seguintes membros:

- Presidente: funcionario ou persoal laboral que se designe pola Alcaldía-Presidencia, xunto co seu suplente.
- 3 vogais (funcionarios ou persoal laboral) designados pola Alcaldía-Presidencia xunto cos seus suplentes.
- Secretario: o da Corporación ou quen lle substitúa.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes). En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario, ou quen os substitúa.


Todos os membros do tribunal cualificador actuarán con voz e voto, agás o/a Secretario/a, que non terá voto nas sesións do tribunal.

As decisións do tribunal cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate, o voto de calidade do seu presidente.

O tribunal poderá dispoñer da incorporación de asesores e especialistas para as probas

**Concello De Bóveda ( Lugo )**

Avda. Alfonso XIII, 85. Bóveda. 27340. Lugo. Tfno. 982426006. email: [atencionciudadano@concelloboveda.com](mailto:atencionciudadano@concelloboveda.com) web: [www.boveda.gob.es](http://www.boveda.gob.es)





## Concello de Bóveda (Lugo)

que estime pertinentes, e estes, que actuarán con voz pero sen voto, limitaranse unicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas, en base ás que, exclusivamente, colaborarán co órgano de selección. O tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

### OITAVO. PROCESO SELECTIVO

A selección realizarase mediante o sistema de concurso-oposición, consistindo a primeira fase no concurso e na valoración de situacións que dificultan o acceso ao mercado laboral e a segunda fase na oposición que consistirá nunha ou varias probas prácticas determinadas polo tribunal cualificador.

#### CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS E FAMILIARES: PUNTUACIÓN MÁXIMA: 5 PUNTOS.

-Ser muller: 1 punto.

-Ter máis de 45 anos: 1 punto.

-Antigüidade como demandante de emprego inscrito na Oficina Pública de Emprego: 0,05 puntos por mes ata un máximo de 2 puntos.

-Existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo do/da solicitante, o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de 30 anos, ou persoas maiores incapacitadas ou menores acollidos/as: 2 puntos.

Os dous últimos criterios acreditaranse respectivamente mediante o certificado ou documentación acreditativa expedida pola oficina pública de emprego e o certificado do Padrón de habitantes do concello onde resida.

#### VALORACIÓN DE MÉRITOS. PUNTUACIÓN MÁXIMA: 5 PUNTOS.

Méritos que se valorarán: 1.-Experiencia profesional en postos de traballo de peón. Ata un máximo de 4 puntos.

- Por cada mes completo de servizos prestados nunha Administración Pública no posto de peón de servizos múltiples, mediante relación laboral ou funcionarial: 0,20 puntos.

- Por cada mes completo de servizos prestados en empresas privadas no posto de peón mediante relación laboral: 0,10 puntos.

Non se terán en conta á hora de efectuar a valoración os períodos inferiores ao mes de servizo.

Os méritos alegados acreditaranse mediante certificación expedida pola Administración onde se prestaron os servizos ou mediante informe da vida laboral ao que se lle deberán xuntar os oportunos contratos. Na dita documentación deberá quedar acreditado a equivalencia entre os postos desempeñados cos da presente convocatoria.





## Concello de Bóveda (Lugo)

2.-Cursos de formación sobre materias directamente relacionadas co posto de traballo, impartidos por administracións públicas, organismos oficiais dependentes de calquera das administracións públicas ou homologados por estas. Ata un máximo de 1 punto, de acordo coa seguinte escala:

- a) Por cada curso de ata 30 horas: 0,20 puntos
- b) Por cada curso de 31 a 100 horas lectivas: 0,30 puntos
- c) Por cada curso de 101 a 200 horas lectivas: 0,50 puntos.
- e) Por cada curso de máis de 201 horas lectivas: 0,75 puntos.

Os méritos alegados neste apartado acreditaranse mediante a presentación do orixinal ou copia compulsada do título ou certificado de realización de cada curso, no que deberá constar expresamente o número de horas do curso e un resumo das materias impartidas.

### SEGUNDA FASE: OPOSICIÓN. PUNTUACIÓN MÁXIMA 10 PUNTOS.

A Fase de Oposición consistirá na realización dunha ou máis probas prácticas. Ten carácter obrigatoria e eliminatória para as/os aspirantes. Nela analizarase a capacidade funcional das/dos aspirantes para levar a cabo as funcións propias do posto de peón de servizos múltiples do concello de Bóveda.

Cualificarase cunha puntuación de 0 a 10 puntos sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para poder superala proba.

Correspóndelle ao tribunal establecer o tempo máximo da proba ou probas a realizarse.

### **NOVENO. RESOLUCIÓN DO CONCURSO-OPOSICIÓN.**


A puntuación total dos participantes virá determinada, pola suma dos puntos obtidos na fase de concurso e na fase de oposición, cunha puntuación máxima de 20 puntos.

En caso de empate, terán preferencia os participantes que obteñan a maior puntuación na fase de oposición. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

O tribunal publicará a relación de aprobados por orde de puntuación no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web do Concello, e elevará dita relación ao Alcalde-Presidente que aprobará a relación de candidatos que superaron a fase de oposición.

### **DÉCIMO. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO DE TRABAJO.**

Rematado o proceso selectivo as persoas que acaden as dúas maiores puntuacións será proposta polo tribunal para a formalización da relación laboral co Concello. Aos efectos terá un prazo máximo de 3 días naturais para presentar a seguinte documentación orixinal ou compulsada:





## Concello de Bóveda (Lugo)

- DNI
- Título esixido na convocatoria
- Certificado médico que acredite a capacidade para o desenvolvemento das tarefas
- Certificado do número de conta bancaria.

No caso de que a persoa seleccionada non reunise os requisitos necesarios para a contratación ou renunciase á mesma, poderá ser substituída pola seguinte da relación do proceso selectivo, situación que sucederá igual no caso de ser necesario cubrir algunha praza por razóns de baixa, enfermidade, etc., utilizando para iso a modalidade de contratación laboral.

### UNDÉCIMO. IMPUGNACIÓN

As presentes bases e a súa convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contra a convocatoria e as Bases, previo á vía xurisdiccional contencioso-administrativa, que se poderá interpoñer no prazo de dous meses, que se contarán a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no Taboleiro de edictos do Concello.

**SEGUNDO.** Publicar o texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello.

**TERCEIRO.** Remitir á Deputación provincial de Lugo copia das bases que rexen este proceso.

En Bóveda, a 11 de outubro de 2016.

Alcalde-Presidente,

Asinado dixitalmente por D. JOSE MANUEL ARIAS LOPEZ.

Concello De Bóveda ( Lugo)

Avda. Alfonso X111,85. Bóveda. 27340. Lugo. Tfno. 982426006. email:atencionciudadano@concelloboveda.com web: www.boveda.gob.es

